



Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 CTP	Documento 21117I063J	
Código de verificación 	Expediente 211/2023/876	
3N6J 4W24 503A 123U 13S9	Fecha 30-11-2023	

BASES DA CONVOCATORIA CONCURSO DE DEBUXO TARXETA NADAL E ADORNO DE NADAL 2023.

A Concellaría de Deportes convoca o tradicional concurso de Debuxo e Adorno de NADAL e dirixido ao alumnado das Escolas Deportivas Municipais que só terá que poñer en marcha as súas habilidades creativas e imaxinar un Nadal o máis deportivo posible.

1. MODALIDADES

1.1. CONCURSO DE DEBUXO "TARXETA NADAL E O DEPORTE"

Participantes: alumnado das Escolas Deportivas Municipais nado entre 2012 e 2017 (De 6-11 años).

Quedan excluídos familiares en primeiro grado dos membros do xurado.

Tema: a tarxeta combinará as temáticas alusivas ao Nadal e ao Deporte, valorándose a orixinalidade e a capacidade creativa.

Formato: libre, cunhas dimensións máximas de 210x297mm (A4) e poderase realizar tanto en vertical coma en horizontal.

A tarxeta deberá ser inédita e estar executada, necesariamente, pola persoa alumna das Escolas Deportivas Municipais.

O soporte material será papel, cartolina ou tea e a técnica a empregar libre, podendo usar calquera estilo e material, sen restrición de cores.

Presentación:

O debuxo irá sen nome nin sinatura, para que non poida ser identificado.

Deberá presentarse en dous sobre pechados en branco sen identificar, un dentro do outro. No sobre grande introducirase a TARXETA e o outro sobre pequeno, pechado, no que se incluírá o formulario de participación cuberto (Anexo 1). Estes sobres, así como o formulario, estarán dispoñibles na conserxería do Palacio de Deportes de Riazor.

O sobre cos DATOS PARTICIPANTES abrírase unha vez o xurado teña declarados os premiados.

A presentación realizarase ao profesorado ou na conserxería do Palacio de Deportes de Riazor ata o **11 de decembro de 2023** ás 15:00 horas.

O formulario de participación poderase descargar na seguinte ligazón www.coruna.gal/deportes



1.2. CONCURSO DE "ADORNOS DE NADAL".

Participantes: unidades familiares, co único requisito de que un dos membros que a compoña sexa alumno ou alumna das Escolas Deportivas Municipais.

Quedan excluídos familiares en primeiro grado dos membros do xurado.

Tema: o adorno combinará as temáticas alusivas ao Nadal e o Deporte, valorándose a orixinalidade e a capacidade creativa.

Formato: libre, cunhas dimensións máximas de 1x1x1m (1m³) empregando obrigatoriamente materiais reciclados.

O adorno deberá ser inédito e estar executado, necesariamente, pola persoa alumna das Escolas Deportivas Municipais, podendo ser asistida por un familiar.

O soporte material será libre, podendo usar calquera técnica e material sempre que sexa reciclado, sen restrición de cores e permitíndose a súa mellora con pintura, purpurina ou algún outro acabado, preferiblemente respectuoso co medio ambiente.

Presentación: presentárase soamente un adorno por unidade familiar e sen sinatura, se ben este pode estar composto por varias pezas (por exemplo, no caso dun nacemento).

O adorno entregárase ao profesorado ou na conserxería do Palacio de Deportes de Riazor ata o **11 de decembro de 2023** ás 15:00 horas.

O adorno deberá ir completamente montado e acompañado do formulario de participación cumprimentado, que figura como Anexo desta convocatoria, dentro dun sobre pechado, todo dentro dunha caixa pechada.

O sobre cos DATOS PARTICIPANTES abrírase unha vez o xurado teña declarados os premiados.

O formulario de participación poderase descargar igualmente na seguinte ligazón www.coruna.gal/deportes

2. NORMAS XERAIS PARA AMBAS MODALIDADES

2.1. EXPOSICIÓN DE TRABALLOS

Todos os traballos presentados serán expostos na entrada do Palacio Municipal de Deportes de Riazor dende o día **15 de decembro de 2023** ata o **7 de xaneiro de 2024**, podéndose ampliar a outras instalacións municipais en función do volume de participación.

2.2. XURADO

Para a elección da persoa gañadora de cada modalidade constituirase un xurado composto por:

- Presidencia: Concelleiro de Deportes.



Concello da Coruña

- Secretaría: 1 funcionario do SMD
- Vogal 1: 1 Profesor/a das EDM
- Vogal 2: 1 Coordinación EDM
- Vogal 3: Deportista de recoñecido prestixio.
- Vogal 4: 1 técnico municipal SMD

Os membros do xurado realizarán unha votación mediante sobre pechado o día **15 de decembro** ás 11:00 horas no Palacio Municipal dos Deportes de Riazor. O fallo será inapelable.

2.3. PREMIOS

1º PREMIO: MATERIAL DEPORTIVO POR VALOR DE 100€. O debuxo poderá empregarse para a tarxeta de felicitación da Concellaría de Deportes.

2º PREMIO: MATERIAL DEPORTIVO POR VALOR DE 50€.

3º PREMIO: MATERIAL DEPORTIVO POR VALOR DE 25€.

O xurado poderá declarar deserto algúns dos premios.

O resultado do concurso publicarase na web municipal de deportes (www.coruna.gal/deportes). Os premiados serán avisados telefonicamente do lugar e hora da entrega dos premios.

Todas as persoas participantes recibirán un agasallo, a entrega publicarase tamén na web Municipal de deportes.

2.4. TRABALLOS NON PREMIADOS

Se transcorridos 15 días dende o peche da exposición ao público non se recollen os traballos presentados, entenderanse doados ao Concello da Coruña, que poderá dispor deles libremente.

2.5. PROTECCIÓN DE DATOS

Coa presentación ao concurso, a persoa participante autoriza á publicación nos medios de difusión do Concello da Coruña do seu nome e apelidos, no caso de resultar premiado o seu traballo.

Os datos persoais facilitados polos solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña con dirección en María Pita, 1 15001 A Coruña, para xestionar as Escolas Deportivas Municipais. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade de que a prestación dos servizos contemplada nas EDM conleva o tratamento de datos persoais. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos mediante comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, sito en Praza María Pita, 1. 15001 A Coruña, coa seguinte referencia na súa carta: "LOPD Exercicio de dereitos" (xunto á súa solicitude escrita e asinada, deberá acreditar a súa personalidade achegando fotocopia do D.N.I) ou ben mediante solicitude na sede electrónica. Dado o carácter confidencial da información, non poderá exercer os seus dereitos telefonicamente, posto que este medio non permite acreditar a identidade como titular dos datos rexistrados.



2.6.ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a total aceptación das bases e a publicación dos nomes e apelidos dos gañadores.

A Coruña, na data de sinatura electrónica de este documento

O xefe de servizo de Deportes
Pablo Castedo López

ANEXO | FORMULARIO DE PARTICIPACIÓN

CONCURSO "NADAL DEPORTIVO E CREATIVO 2023"

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE			
APELIDOS			
NOME			
DNI		DATA DE NAC.	
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2	
CORREO ELECTRÓNICO			
EDM NA QUE PARTICIPA			

DATOS DO/A PAI/NAI OU TITOR/A (No caso de participantes menores de idade)			
APELIDOS			
NOME			
DNI		TELÉFONO	

MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN (Marcar cun "X")	
☐	CONCURSO DE DEBUXO "O DEPORTE E O NADAL"
☐	CONCURSO DE CREATIVIDADE "ADORNO DE NADAL"



Concello da Coruña

DECLARO:

Que lin as bases da convocatoria do concurso "NADAL DEPORTIVO E CREATIVO" da Concellaría de Deportes do Concello da Coruña e que as acepto na súa totalidade e AUTORIZO a participación neste concurso.

A Coruña, a ____ de _____ do 2023

Asinado: _____ *(A persoa participante. No caso de menores de idade, o pai/nai ou titor/a)*